



# PROGRAMA DE TERMALISMO SOCIAL DO IMSERSO 2013 (BALNEARIOS)

Está aberto o prazo para *solicitar praza no programa de Termalismo Social do Imerso para o ano 2013*

**Requisitos:**

- Ser Pensionistas da Seguridade Social de xubilación ou de invalidez, viudedade ou doutras pensións sempre e cando o beneficiario teña cumpridos os 60 anos.
- Ser españois residentes no exterior, sempre que perciban unha pensión pública, teñan máis de 60 anos e cumpran co resto dos requisitos.
- Non padecer doenzas mentais graves nin enfermidade infecto-contaxiosa.
- Valerse por si mesmo para as tarefas da vida diaria.
- Acadar a puntuación que lle permita acceder a un dos balnearios e quendas solicitados, de conformidade coa baremación esixida.

Se admitirá como acompañante o/a cónxuxe aínda que non alcance a idade sempre que cumpra o resto dos requisitos.

**Quendas:** de 12 días ou 10 días, realizaranse en réxime de pensión completa en habitacións dobres e de uso compartido.

**Prezo:** varía en función do balneario e do mes solicitado.

**Documentación:** DNI da persoa solicitante e do/a cónxuxe, clase de pensións que perciben coa contía mensual e, unha declaración xurada que está no reverso da solicitude.

**Prazo e lugar da solicitude:** para as **quendas de febreiro a agosto** ata o día 16 de xaneiro de 2013 (con prioridade na adxudicación de praza) e, para a súa inclusión na **Lista de Espera** ata o **16 de maio de 2013**; para as **quendas de setembro a decembro** ata o día 16 de maio de 2013 (con prioridade na adxudicación de praza) e, para a súa inclusión na **Lista de Espera** ata o **30 de outubro de 2013**, nas dependencias dos Servizos Sociais do Concello.

Camariñas, 19 de decembro de 2012

**A concelleira de Servizos Sociais, Igualdade, Saúde e Deportes**

  
M<sup>a</sup> Carmen Linares Chica